

**ANOSATERRA**

LUNS, 24 DE AGOSTO DE 2009

PORTADA | SOCIEDADE | XERAL

INVESTIGACIÓN A BORDO DO HESPÉRIDES

## Como evolucionou o clima nos últimos 3.000 anos?

**Redacción.** O buque 'Hespérides' zarpará o próximo martes de Vigo para iniciar a campaña Marbanga, unha iniciativa que tratará de recompilar datos sobre a evolución climática e tectono-sedimentaria da costa galega ao longo de 12 días de traballo. Os investigadores explicarán diariamente as súas experiencias a través dun caderno de bitácora dixital.

22.08.2009 | 09:44

TAGS: HESPÉRIDES, CLIMA, COSTA, UVIGO



O buque 'Hespérides'. SONIA DAPONTE/AGN

1 / 2

Un total de 24 investigadores, 15 deles da Universidade de Vigo, participarán neste proxecto, que se desenvolverá a bordo dun dos oceanográficos mellor equipados, con 50 tripulantes e membros da Unidade Técnica Mariña.

A campaña, coordinada polo grupo de investigación *Xeoma* (Xeoloxía Mariña e Ambiental) recollerá información e mostras que permitan reconstruír o clima da zona nos últimos 3.000 anos, de xeito que se poida estudar a evolución e comparar cos procesos que se dan na actualidade.

Así, poderase coñecer en detalle a evolución tectono-sedimentaria da zona durante os períodos Pleistoceno e Holoceno, achegando información sobre o clima e a forma na que foi evolucionando.

Entre os factores a analizar estarán os indicadores xeofísicos, a temperatura e o nivel do mar ou as condicións xerais do clima nos últimos miles de anos, datos que proporcionan os sedimentos oceánicos. Os coordinadores da campaña, os profesores Daniel Rei e Belén Rubio explicaron que mesmo se pode lograr información de zonas continentais, debido aos materiais que os ríos arrastran até o fondo mariño.

Con todo, o propósito final de *Marbanga* pasa por determinar as condicións orixinais dos sedimentos e da columna de auga a distintas escalas temporais. Desta forma, e comparando coas circunstancias que se dan na actualidade, poderase determinar se son variacións climáticas derivadas dos ciclos naturais, se hai similitudes entre temperaturas pico ou coñecer as velocidades das correntes.

### Caderno de bitácora

En traballos de investigación anteriores realizados polo grupo descubríronse determinados trazos morfolóxicos submarinos "en forma de grandes cráteres provocados por escapes de gas metano", explicou Rei, quen indicou que o estudo dos peculiares ecosistemas e as condicións que se dan nestes lugares será un dos obxectivos secundarios da campaña. Esta parte, correrá a cargo do biólogo Raimundo Blanco.

Por outra banda, o grupo explicará diariamente as súas experiencias a bordo do 'Hespérides' a través dun caderno de bitácora dixital. Neste documento exporán tamén os diferentes aspectos das súas investigacións así como detalles da viaxe.

A campaña *Marbanga* conta coa colaboración do CSIC, propietario do barco de investigación oceanográfica, aínda que nela tamén participan outras institucións e universidades. Ademais da Universidade de Vigo, haberá investigadores e técnicos da Universidade de Aveiro, do Instituto Andaluz de Ciencias da Terra, da Academia de Ciencias China, do Woods Hole Oceanographic Institution, do Instituto Español de Oceanografía e da Universidade de Bremen.

COMPARTIR

VOTA

+ ENGAÑIR COMENTARIO


Últimas + lidas + votadas + comentadas

- 10:07 Abdulá denuncia fraude nas...
- 09:45 A xustiza dos EE UU investigará...
- 09:18 Travesía para recuperar os nomes do mar
- 08:50 Fidel Castro regresa á televisión...
- 08:15 As lapas asedian a cidade de Atenas

Luns, 24 de agosto de 2009 | 11:09

1/4

### Os nosos blogs



**Dulce Suevía**  
TENDENCIAS

Pectorais que se saen do plano.  
2


Alberte Montes HUMOR  
Allez, allez Montpellier!!

VER MÁIS

### Novas relacionadas

- O 'Hespérides' chega ao porto de Vigo
- A Comisión Europea aproba normas para reducir o consumo enerxético

### Onde aconteceu...



### En portada...

**Baixan os visados de obra nova un 46 por cento**  
O número de visados de obra nova descendeu durante o ano...

**A xustiza dos EE UU investigará posibles torturas da CIA**  
O Departamento de Xustiza dos Estados Unidos recomendou...

**Abdulá denuncia fraude nas eleccións afgás**  
Abdulá Abdulá, o ex ministro de Exteriores e principal...

**Mato agarda que o xuíz aclare a sentenza de Díaz**  
A conselleira de Traballo, Beatriz Mato, manifestou a...

**Fraga defende a política lingüística de Feixóo**  
O ex presidente da Xunta, Manuel Fraga, respalda a...

<sup>n</sup> **Os soldos da corporación da Coruña seguirán conxelados no 2010**  
O alcalde da Coruña, Xavier Leado



avanzou que os...




[Os autónomos consideran unha 'esmola' a súa pensión media](#)  
[A Confederación de Autónomos e Profesionais de España...](#)



[Terceira morte por gripe A en Andalucía](#)  
[O falecemento en Andalucía dunha moza de 20 anos con...](#)

© 2009 **A Nosa Terra**  
Príncipe 24 - 1º, 36202 Vigo  
Tel. 986 22 24 05.  
[info@anosaterra.com](mailto:info@anosaterra.com)  
[diariodixital@anosaterra.com](mailto:diariodixital@anosaterra.com)

*Delegación Santiago:*  
Rúa Laverde Ruiz, 6, Baixo esquerda  
15702, Santiago de Compostela.  
Tel. 981 569 193 - 981 570 264

*Publicidade:*  
Tel. 616 90 46 88  
Tel. 986 43 38 30  
[publicidade@anosaterra.com](mailto:publicidade@anosaterra.com)  
 Descargar Tarifas

Edita: *Promocións Culturais Galegas S.A.*  
Presidente: *Miguel Barros Puente*  
Conselleiro-delegado: *Afonso Eiré López*

Director: *Manuel Veiga Taboada*  
Subdirector: *Xan Carballa Alonso*  
Coordenador Dixital: *César Lorenzo Gil*  
Edición: *María Obelleiro Hermida*  
*Charina Giráldez Río*

